

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Astronautas belgas en Lugo

Tomamos nota dun texto de Ánxel Fole "Cartafolio de Lugo" (Círculo de las Artes, Lugo, 1981), páx. 61 e traducimos do castelán ao galego:

«Dous astronautas(sic) belgas estiveron en Lugo alá polo ano noventa e tantos. Na Praza Maior eleváronse nun globo unha tarde de estío. Aterraron cerca de Pol. Traballaban os aldeanos nuns agros. Ahegáronse ao globo. Creron que aqueles tipos eran os que traían a peste das patacas "o morrón das patacas". E déronlles sunha tremenda malleira».

Comproben a similitude con "[En Aranga confunden unha aviadora francesa cun escoler](#)".